



**IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE  
OPORTUNIDADES**

**ENTRE MULLERES E HOMES**

**DO CONCELLO DE SANTA COMBA**

**2020 - 2026**



## ÍNDICE

Presentación	.....	3
Lexislación	.....	4
Diagnose	.....	7
Plan de Igualdade	.....	64
Seguimento e avaliación	.....	70
Vixencia do IV PIOM	.....	74



## 0.1 PRESENTACIÓN

O IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Santa Comba deseñouse coma unha ferramenta de traballo para orientar as políticas municipais, cara a promoción da igualdade real entre mulleres e homes do concello.

O plan formulou unha estratexia de traballo transversal para desenvolver a medio prazo na administración municipal. Intentouse facer partícipe ao maior número de axentes sociais e de implicar de forma activa ao persoal técnico e político municipal no seu desenvolvemento para chegar ao maior número de veciñas e veciños a través dos proxectos e actuacións recollidas no plan.

A continuación relaciónanse os obxectivos a acadar coa elaboración do IV PIOM do concello de Santa Comba e as fases para a súa elaboración, os principios nos que se basea e as accións principais. Trala exposición relativa á recollida e tratamento da información presentase o apartado de resultados no que reflectimos para cada unha das áreas de actuación, os obxectivos marcados e as medidas de acción propostas, a descrición das accións, os resultados destas accións e os axentes implicados. Tendo en conta que a diagnose dun PIOM debería ir máis aló do proceso de recollida e exposición de datos, no presente documento emítase un ditame técnico sobre o avaliado, formulando conclusións e expoñendo os principais obstáculos e facilitadores resultado do período de vixencia do IV PIOM, así como, aportando unha serie de recomendacións cara á elaboración do IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE SANTA COMBA.

A situación xerada pola irrupción do COVID-19 no primeiro trimestre de 2020, provocando unha situación de emerxencia e alarma en toda



España, e afectando tamén ao traballo e as prioridades das administracións locais explica o retraso no proceso da elaboración do PMIO de Santa Comba.

## **02. LEXISLACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO.**

### Normativa Internacional

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. En neste mesmo ámbito procede resaltar os avances introducidos por conferencias mundiais monográficas, como a de Nairobi de 1985 e Beijing de 1995.

Na Organización Internacional do Traballo (OIT), a igualdade entre mulleres e homes está consagrada xa na súa constitución e proxectada nas normas internacionais do traballo. Os catro convenios clave da OIT son: o Convenio sobre igualdade de remuneración, o Convenio sobre a discriminación no emprego e a ocupación, o Convenio sobre os traballadores con responsabilidades familiares e o Convenio sobre a protección da maternidade.

### **Normativa Europea**

A igualdade é, así mesmo, un principio fundamental na Unión Europea. Desde a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam ata o actual Tratado da Unión Europea e o Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros son un obxectivo que debe



integrarse en todas as políticas e accións da Unión e dos seus membros.

Ditáronse numerosas Directivas comunitarias sobre igualdade de sexos de importante calado en materia de igualdade de oportunidades e de trato, sendo traspostas ao ordenamento español.

### **Normativa Estatal**

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

A Lei Orgánica 3/2007, para Igualdade efectiva de Mulleres e Homes, nace coa vocación de erixirse na lei-código da igualdade entre mulleres e homes.

Realiza unha proxección do principio de igualdade que abarca distintos ámbitos, nos que poida xerarse ou perpetuarse a desigualdade. De aí a consideración da dimensión transversal da igualdade, aceno de identidade do moderno dereito antidiscriminatorio, como principio fundamental.

A Lei se refire a xeneralidade das políticas públicas en España, tanto estatais, como autonómicas e locais.

### **Normativa Autonómica**

Na nosa Comunidade Autónoma, a Administración autonómica ten o mandato legal de comprometerse coa eliminación da discriminación entre mulleres e homes, promovendo a igualdade. Son referentes:

- Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.



- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia (salvo disposición adicional 5a e 7a, derogadas, e posteriores modificacións);
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (Lei 7/2004, do 16 de xullo, que queda derogada, galega para a igualdade da muller e homes, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, de igualdade de traballo das mulleres de Galicia, a Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e que determinados artigos da Lei 2. Modifícanse /2007, do 28 de marzo, sobre a igualdade de traballo das mulleres en Galicia);
- e o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos CIM, centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.



### 03. DIAGNOSE

Antes de deseñar medidas que poidan contribuír a desenvolver políticas de igualdade é necesario facer unha diagnose inicial da situación.

Como primeiro paso desa diagnose desenvolvemos unha análise do contexto social e económico do Concello de Santa Comba, que nos permita debuxar unha imaxe do concello tendo en conta a tan necesaria perspectiva de xénero e igualdade.

Esta análise nos permitira un primeiro acercamento a aquelas áreas e aspectos relevantes para as políticas de igualdade, xerando un maior coñecemento dos aspectos nos que actuar a fin de xerar unha realidade máis igualitaria, con igualdade de oportunidades para as mulleres e os homes de Santa Comba.

A diagnose realizouse incorporando datos estatísticos de organismos oficiais (INE, IGE, CGPJ, Padrón municipal, Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ...) describindo de maneira correcta a situación demográfica do municipio, a oferta educativa, as taxas de paro rexistrado por sexo e idade, os recursos dispoñibles en materia de formación e apoio ao emprego...

Convén destacar que estes datos non permiten identificar sempre de forma correcta cales son as diferenzas e as desigualdades existentes entre os homes e as mulleres do municipio de Santa Comba, polo que se complementan con datos de carácter cualitativo para obter unha panorámica máis nítida da situación da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello de Santa Comba.

A diagnose realizada do Plan deberá facilitar o proceso de toma de decisións respecto ao futuro do mesmo, axudando a decidir sobre a súa continuidade e sobre a reorientación das súas estratexias, obxectivos e actuacións. Así mesmo, a diagnose do Plan permitirá



formular suxestións e propostas de actuación futuras ao Concello de Santa Comba en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

## **DATOS RELEVANTES E SÍNTESE DA DIAGNOSE**

### **a) XEOGRAFÍA**

O concello de Santa Comba atópase ao nordeste da provincia da Coruña, na comarca do Xallas.

No seu termo municipal nace o río Xallas, que da nome a comarca da que é a capital: Comarca do Xallas, formada polos concellos de Mazaricos e Santa Comba.

Esta formado por terras chas, con ondulacións pouco pronunciadas a unha altura entre 275 e 500 metros.

As temperaturas suaves e precipitacións abundantes, propias do clima Atlántico costeiro favorecen o desenvolvemento de explotacións agrarias e especialmente gandeiras,

Está formada por 17 parroquias cunha superficie de 203 km<sup>2</sup>:

Alón (Santa María),  
Arantón (San Vicente),  
Bazar (San Mamede),  
Cícere (San Pedro),  
Fontecada (San Martiño),  
Freixeiro (San Fins),  
Grixoa (San Xoán) ,  
Grixoa de Esternande (Santa María),  
Mallón (San Cristovo),  
Montouto (Santa María),  
A Pereira (Santo André),  
San Salvador de Padreiro (San Salvador),  
Santa Comba (San Pedro),  
Santa Sabiña (San Xulián),  
Ser (San Pedro) Vilamaior (Santa María),  
Xallas de Castriz (San Pedro).





Sitúase a 38 km da capital de Galicia, Santiago de Compostela, e a 62 km da Coruña.

Os concellos limítrofes son Coristanco ao norte e Negreira polo sur; ao este limita con Tordoia e Val do Dubra, e con Zas e Mazaricos ao oeste.






## B) POBOACIÓN

Toda a información estatística está actualizada a setembro de 2022. Os datos oficiais de poboación publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) refírense ao período 2021 baseándose no Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2021.

A 1 de xaneiro de 2021 a poboación de Santa Comba é de 9.359 persoas.

**Táboa 1. Poboación de Santa Comba \***

POBOACIÓN	HOMES	% homes	MULLERES	% mulleres
9359	4538	48%	4821	52%



\* Fonte IGE Padrón municipal de habitantes, elaboración propia.


**Táboa 2- Evolución da poboación en Santa Comba**

Ano	Total	Homes	Mulleres
2021	9.359	4.538	4.821
2020	9.362	4.536	4.826
2019	9.426	4.553	4.873
2018	9.450	4.576	4.874



Ano	Total	Homes	Mulleres
2017	9.477	4.585	4.892
2016	9.556	4.610	4.946
2015	9.635	4.648	4.987
2014	9.719	4.672	5.047
2013	9.913	4.769	5.144
2012	10.101	4.860	5.241
2011	10.241	4.929	5.312
2010	10.408	5.014	5.394
2009	10.487	5.059	5.428
2008	10.577	5.144	5.433
2007	10.588	5.145	5.443
2006	10.647	5.172	5.475
2005	10.683	5.201	5.482
2004	10.704	5.189	5.515
2003	10.823	5.295	5.528
2002	10.892	5.364	5.528
2001	10.920	5.371	5.549
2000	10.930	5.391	5.539
1999	10.958	5.399	5.559
1998	10.960	5.400	5.560
1996	11.109	5.407	5.702
1995	11.612	5.668	5.944
1994	11.621	5.660	5.961
1993	11.491	5.587	5.904
1992	11.423	5.549	5.874
1991	11.439	5.567	5.872
1990	12.047	5.890	6.157
1989	12.078	5.924	6.154
1988	12.126	5.956	6.170
1987	12.112	5.935	6.177
1986	12.107	5.936	6.171
1981	11.385	0	0
1970	11.492	0	0
1960	12.115	0	0
1950	12.061	0	0
1940	10.963	0	0
1930	9.726	0	0
1920	9.756	0	0
1910	9.339	0	0
1900	9.075	0	0


\* Fonte IGE, elaboración propia.



\* Fonte IGE, elaboración propia.

Dende 1900, o concello ten gañado 284 habitantes

É o concello con máis poboación da contorna, sufrindo unha variación de -3 persoas no derradeiro ano rexistrado (2020). A década dos 50 e a década dos 80, foron as de maior poboación no concello, acadando máis de 12.000 veciños e veciñas.



\* Fonte IGE, elaboración propia.



Dende 1986, a poboación de Santa Comba ten diminuído un 22,7%. De 12107 persoas as 9359 contabilizadas a xaneiro de 2021.


A perda lixeira pero constante ano a ano amosa similares proporcións e tendencias para homes e mulleres.

Táboa 3- Poboación de Santa Comba por sexo e idade 2021 (grupos quinquenais)

Idade	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	%
0-5	139	49%	143	51%	282	3%
5-10	185	54%	155	46%	340	4%
10-15	166	51%	160	49%	326	3%
15-20	166	49%	171	51%	337	4%
20-25	203	55%	167	45%	370	4%
25-30	199	49%	204	51%	403	4%
30-35	246	53%	217	47%	463	5%
35-40	299	52%	280	48%	579	6%
40-45	356	52%	334	48%	690	7%
45-50	350	51%	337	49%	687	7%
50-55	286	44%	359	56%	645	7%
55-60	305	47%	343	53%	648	7%
60-65	326	48%	359	52%	685	7%
65-70	370	54%	309	46%	679	7%
70-75	350	51%	342	49%	692	7%
75-80	263	45%	318	55%	581	6%
80-85	145	39%	223	61%	368	4%
85+	184	32%	400	68%	584	6%
<b>Total</b>	<b>4.538</b>	<b>48%</b>	<b>4.821</b>	<b>52%</b>	<b>9.359</b>	<b>100%</b>

\* Fonte INE, elaboración propia.

Santa Comba amosa unha poboación claramente envellecida cun peso moito maior na parte superior da pirámide poboacional, e un aumento da porcentaxe de mulleres moi claro a partir dos 80 anos.



\* Fonte IGE, elaboración propia.

Observamos unha forma de vasilla típica das poboacións envellecidas; similar a pirámide da poboación de Galicia aínda que amosa un maior peso da poboación de mais idade, máis estreita pola base (grupos de menos idade) e que aumenta especialmente a partires dos 35 anos e hasta os 75 anos.

A distribución de xénero é equilibrada; a resaltar a maior porcentaxe de homes na franxa dos 20 a 25 anos (o 55%) que pode explicarse cun maior desprazamento de mulleres a cursar estudos (medios e superiores) fora de Santa Comba, e o aumento da porcentaxe de mulleres especialmente a partir dos 75 anos, debido a súa maior lonxevidade .



#### Táboa 4- Datos poboación Santa Comba por franxas de idade

<b>Poboación (Padrón)</b>	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	9.359	4.538	4.821	2021	INE
de 0 a 15 anos	1.029	534	495	2021	INE
de 16 a 64 anos	5.426	2.692	2.734	2021	INE
de 65 e máis anos	2.904	1.312	1.592	2021	INE
Poboación estranxeira	276	117	159	2021	INE
Idade media	50,44	48,93	51,89	2021	IGE

A idade media da poboación de Santa Comba é de 50,44 anos, 2,7 anos máis que a idade media da poboación galega, e 2,98 anos máis que a poboación da provincia da Coruña.

A idade media das mulleres é case dous anos superior a dos homes mentres que na media galega esta diferenza é de 3,15 anos.

Santa Comba ten unha poboación envellecida, o que se reflexa tamén nunha idade media superior a media de Galicia e aínda con mais diferenza respecto a idade media da poboación da Provincia.




## Táboa 5 – Poboación estranxeira

A poboación estranxeira no concello, suma 276 persoas que supón o 2,9 % do total da poboación (o 4,1 % en Galicia) .

	Total	Estranxeira	%
<b>Total</b>	9359	276	2,9%
<b>Homes</b>	4358	117	2,7%
<b>Mulleres</b>	4821	159	3,3%

\* Fonte INE 2, elaboración propia.

A porcentaxe de poboación estranxeira é lixeiramente superior entre as mulleres. AS mulleres estranxeiras supoñen o 3,3% das mulleres do concello (o 2,7 % no caso dos homes).



\* Fonte INE, elaboración propia.

O 58% da poboación estranxeira do concello son mulleres.





## Táboa 6- Movemento natural da poboación de Santa Comba

	Total	Homes	Mulleres	Periodo	Fonte
<b>Nacementos</b>	63	34	29	2021	Ige/Ine
<b>Defuncións</b>	153	71	82	2021	Ige/Ine
<b>Matrimonios</b>	27				Ige/Ine
<b>Saldo vexetativo</b>	-90	-37	-53	51%	Ige/Ine

\* Fonte IGE, elaboración propia

O saldo vexetativo é negativo, con 90 falecidos máis que nacementos no ano 2021. O maior número de defuncións de mulleres explícase polo maior número de mulleres, especialmente nas franxas de maior idade.

## Táboa 7 – Indicadores demográficos

Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	5,54	2020	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	15,04	2020	IGE
Índice de envellecemento	235,9	2021	IGE
Idade media á maternidade	33,25	2020	IGE
Número medio de fillos por muller	1,06	2020	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	1,78	2020	IGE

\* Fonte IGE,

A **taxa bruta de natalidade** de Santa Comba ( calculada como o número de nacementos no concello, por cada mil habitantes) é de 5,54, 0.21 menos que na provincia e 0,11 menor que en Galicia.

A **taxa bruta de mortalidade** de Santa Comba ( calculada como o número de falecementos no concello, por cada mil habitantes) é de 15,04, cifra moi superior a da provincia (11,47) e a de Galicia (12,17).



O **Índice de envelhecimento** (porcentaxe que representa a poboación maior de 64 anos sobre a poboación menor de 16 anos ao 1 de xaneiro de 2021) de 235,9 tamén é sinaladamente elevado, por encima do dato provincial (157,75) e o autonómico (163,59) sendo o de Galicia o segundo mais elevado das autonomías, e moi por riba da media NACIONAL.

A **taxa bruta de nupcialidade** tamén é significativamente inferior a que amosan os datos provinciais e autonómicos.

A **Idade media da maternidade** é de 33,25 anos, 0,34 e 0,46 anos superior a media provincial e á galega.

O **número medio de fillos**, 1,06 fillos por muller é moi similar ao da provincia (1,03) e ao de Galicia (1,02)

### Táboa 8 – Idade media primeiro matrimonio

Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	35,18	32,64	2020	IGE

\* Fonte IGE,

A **idade media do primeiro matrimonio** e de 35,18 un 1,62 anos por riba da media provincial e 1,7 menor que a media galega.

Estamos ante unha **poboación envellecida** e que ten perdido efectivos nos derradeiros anos.


En conxunto, os indicadores demográficos debuxan un futuro a medio prazo no que este proceso é previsible que continúe: menos poboación e máis envellecida, con maior porcentaxe de mulleres.



## Poboación por lugar de nacemento

Segundo os datos publicados polo INE procedentes do padrón municipal de 2021 o 72.16% (6.753) dos habitantes empadroados no Municipio de Santa Comba naceron no municipio, o 19.08% emigraron a Santa Comba desde diferentes lugares de España, o 16.62% (1.555) desde outros municipios da provincia da Coruña, o 0.85% (80) desde outras provincias da comunidade de Galicia, o 1.61% (151) desde outras comunidades autónomas e o 8.76% (820) emigraron a Santa Comba desde outros países.

Figura 6- Poboación por lugar de nacemento



\* Fonte IGE - INE, elaboración propia.

Según os datos ofrecidos polo INE extraídos do Padrón 2021, os habitantes empadroados en Santa Comba que naceron noutros países ascenden a 820 (o 19,08 % da poboación):

- 338 habitantes, 131 homes e 207 mulleres nados en América.
- 79 habitantes, 39 homes e 40 mulleres nados en África.
- 2 habitantes, 1 home e 1 muller nados en Asia.



## Táboa 9- Poboación según lugar de nacemento

Pais	2021	Pais	2021
<b>Brasil</b>	<b>154</b>	Romanía	12
Marrocos	77	Colombia	10
Venezuela	46	Francia	5
Arxentina	35	Italia	5
República Dominicana	31	Bulgaria	2
Perú	23	Ucraina	2
Reino Unido	20	China	2
Cuba	19	Polonia	1
Alemaña	18	Arxelia	1
Portugal	17	Bolivia	1
Uruguai	13	Ecuador	1
		Outros	325

\* Fonte IGE, elaboración propia.

A grupo de poboación nada no Brasil é o máis numeroso entre a poboación nacida no estranxeiro. A frecuente emigración de Santa Comba cara ao Brasil en décadas pretéritas, o retorno de descendentes daquelas persoas, os estreitos lazos que se manteñen cos colectivos emigrantes do Brasil, explican a preeminencia desta orixe.

A poboación con orixe en Marrocos a sigue en importancia: 77 persoas.



## D) RECURSOS SANIDADE:

### CENTRO DE SAUDE DE SANTA COMBA \*

#### Servizo de Atención Primaria de Santa Comba Unidade de Atención Primaria de Santa Comba

**Enderezo:** Rúa Lugo s/n 15840 Santa Comba,  
A Coruña

**Contacto:**

- ☎ Teléfono do centro:  
981818820/881546301
- ☎ Teléfono de cita previa: 981952950
- Cita por [Internet](#)

**Coordenadas GPS:** 43° 1' 57.3"N 8° 48'  
48.2"W



O concello de Santa Comba conta cun centro de saúde nun edificio de titularidade municipal, aínda que a actual corporación teña solicitado transferir a titularidade a Xunta de Galicia.

O centro conta con Punto de atención continua para urxencias extra hospitalarias



#### Urxencias extrahospitalarias

- **PAC:** PAC Santa Comba
  - Horario PAC: Lunes a sábado de 15h.a 8h (T/N), domingos e festivos: de 8h a 8h (M/T/N)
- **061**

Ademais do PAC o centro conta cos **servizos de** :

- Medicina Xeral,
- Pediatría,
- Enfermaría,
- Matrona,
- Fisioterapia,
- Odontoloxía,
- Hixiene Bucodental,
- T.C.A.E. (Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería)
- e Administración



## Cadro de persoal

R.R.H.H.					
	Medicina Xeral	6		Pediatría	1
	Enfermaría	6		Matrona	1
	Fisioterapia	2		Odontoloxía	1
	Hixiene Bucodental	1		T.C.A.E.	1
	Función Administrativa	3			

*\*Información subministrada directamente polo Servizo Galego de Saúde*

Actualmente esta solicitado incorporar un Servizo de Radioloxía para uso comarcal, e unha Unidade de Saúde Mental con psiquiatra, psicólogo e traballador/a social.

### OUTROS RECURSOS SANITARIOS (PRIVADOS)

7 Clínicas dentais / dentistas

1 Clínica médicas (policlínica)

3 Ortodoncistas / clínicas de ortodoncia

1 Psicoloxía clínica

2 Clínicas de Podoloxía



O concello de Santa Comba é a capital administrativa da comarca, e tamén é o centro da comarca a nivel de prestación de servizos, o que configura a súa infraestrutura de servizos públicos, e a súa oferta de servizos de carácter privado, para unha poboación maior que a do propio concello, atinxindo aos concellos limítrofes.

## D) RECURSOS: EDUCACIÓN

### Táboa 10- Centros educativos públicos

CENTROS	DIRECCIÓN
CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza	Rúa Rosalía de Castro s/n
CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña	Traba
CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada	Rúa Santiago 15
IES Terra de Xallas	Rúa Rosalía de Castro s/n

- CRA CORISTANCO- SANTA COMBA formado por 4 escolas de Coristanco, 1 de A Baña e 2 de Santa Comba:

- CRA A Tarandeira - O Busto; Lugar Busto, s/n - 15840 Santa Comba.

Colexio rural agrupado de 3 a 8 anos. Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria

- CRA A Tarandeira - San Cristovo; Mallón de Cicere, s/n

Colexio rural agrupado de 3 a 8 anos. Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria.

- Escola Infantil Municipal de Santa Comba; Rosalía de Castro, s/n

A infraestrutura educativa do concello de Santa Comba está composta por 2 CEIP:

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza na zona mais urbana do concello, e o CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña no lugar de Traba, parroquia de Castriz, nunha das zonas rurais do territorio do municipio.



O CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada, situado tamén no casco urbano do concello é un centro privado concertado que oferta educación infantil e primaria.

IES Terra de Xallas ubicado moi próximo ao CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, próximos ambos ao centro urbano, ten unha ampla oferta:

E.S.O.: de 1º a 4º de ensinanza secundaria obrigatoria

BACHARELATO: 1º e 2º de bacharelato científico tecnolóxico, e 1º e 2º de bacharelato en humanidades e CC sociais.

#### FORMACIÓN PROFESIONAL

FP BÁSICO: 1º e 2º de FP de Mantemento de vehículos, 1º e 2º de FP de Cociña e Restauración.

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO: 1º e 2º Xestión Administrativa e 1º de Instalacións eléctricas automáticas.

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR: 1º e 2º Administración e finanzas.

A estrutura educativa do concello é ampla, considerándose axeitada ao tamaño da poboación estudantil.

É salientábel a oferta de formación profesional con dúas "ramas" moi diferenciadas, que tradicionalmente se asocian a ocupacións moi masculinizadas unhas e moi feminizadas outras:

- Mantemento de vehículos e instalacións eléctricas, moi masculinizadas.
- Cociña e restauración, asociadas á hostalaría; Xestión administrativa e Administración, que son sectores moi feminizados.





A existencia de 2 colexios rurais agrupados, e de unha escola infantil municipal e do programa Concilia, son factores a ter en conta como elementos facilitadores da conciliación e a integración laboral das mulleres.

### **Centro de formación municipal Terra de Xallas**

Curros Enriquez, s/n - 15840 - Santa Comba

Centro de formación, ofrece orientación laboral e asesoramento para facilitar a procura de emprego e a inserción laboral, asesoramento aos empresarios na procura de traballadores e formación ocupacional con especialidades homologadas.

Recentemente o Plan AFD (Accións Formativas para Desempregados) asignou a Santa Comba tres cursos (Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” de Nivel 2 (dúas edicións) e o de “Asistencia documental en despachos e oficinas”, de Nivel 3) para formar a 45 persoas sen emprego. Decembro 2022 – xullo 2023.



## Táboa 11- Alumnado por tipo de educación e sexo

	Total	Homes	Mulleres
Educación infantil	166	80	86
Educación primaria	396	214	182
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	277	139	138
<b>Total</b>	<b>839</b>	<b>433</b>	<b>406</b>

*Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos fin curso 2021 – 2022. Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata*

Chama a atención que pese a ser maior o número de mulleres en educación infantil, en educación primaria o número de mulleres é claramente inferior ao de homes (182 fronte a 214).

Este dato tamén se reflexa na pirámide de idade poboacional, elaborada cos datos que se recollen na Táboa 3.


### Detalle da táboa 3: poboación por sexo e grupos de idade

Idade	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	%
<b>0-5</b>	139	49%	143	51%	282	3%
<b>5-10</b>	185	54%	155	46%	340	4%
<b>10-15</b>	166	51%	160	49%	326	3%
<b>15-20</b>	166	49%	171	51%	337	4%
<b>20-25</b>	203	55%	167	45%	370	4%

Entre 10 e 15 anos, e especialmente de 5 a 10, os homes son maioría na poboación.




**Figura 11 - Alumnado por tipo de educación e sexo**



Fonte Consellería de Cultura

De 10 e 15 anos, e especialmente de 5 a 10, os homes son maioría na poboación, e tal e como se observa na figura 10, tamén son maioría na educación secundaria.



Fonte Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Elaboración propia

No conxunto do total de estudantes do concello de Santa Comba, as mulleres supoñen o 48%, dato provocado polo maior número de estudantes masculinos en educación primaria.



## Táboa 12 - Poboación por tipo de educación e sexo

	Columna1	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Non sabe ler ou escribir		70	1,5%	458	<b>9,3%</b>	<b>528</b>	<b>5,6%</b>
Menos de 5 anos de escolarización		1349	29,9%	1583	<b>32,2%</b>	2932	<b>31,1%</b>
Sen completar		1263	28,0%	1149	23,4%	2412	25,6%
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo		1165	25,8%	964	<b>19,6%</b>	2129	22,6%
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU		290	6,4%	332	6,8%	622	6,6%
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial		68	1,5%	56	1,1%	124	1,3%
FPII, FP grao superior, Mestría industrial		140	3,1%	160	3,3%	300	3,2%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica		79	1,7%	133	2,7%	212	2,2%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior		89	2,0%	73	1,5%	162	1,7%
Doutoramento		5	0,1%	1	0,0%	6	0%
	<b>Total</b>	<b>4518</b>	<b>100%</b>	<b>4909</b>	<b>100%</b>	<b>9427</b>	<b>100%</b>

Fonte IGE 2022 sobre Censo de poboación e vivendas de 2001. Elaboración

A poboación en conxunto ten un baixo nivel educativo, no que destaca o 9,3 % de mulleres que non saben ler ou escribir, e o 31,1 % de persoas que non acabaron o seu nivel de estudos (o 32,2% das mulleres).


Creemos que é necesario contextualizar estes datos. Son datos obtidos do IGE no 2022, pero o mesmo IGE explica que os elaborou a partires do INE: Censo de poboación e vivendas 2001. Trátase dunha información que reflicte unha realidade de hai 20 anos, que non é real na actualidade.

O analfabetismo funcional incidía especialmente na poboación de mais idade, e aínda máis nas mulleres, que no rural non accederan case a educación na primeiras metade do século XX.

Tras 20 anos, esa realidade ten mudado en gran medida polo movemento natural da poboación (falecementos das persoas con mais idade, que eran as que en maior proporción non sabían ler/ escribir) modificando significativamente estes datos.



Fig.12 - Poboación de 16 anos e máis según nivel estudos



Fonte IGE

## E) RECURSOS: CIM

Baixo Vivenda Comunitaria

R/ Curros Coruña; 15840 Santa Comba.

Teléfono: 981 104309 Fax: 981 880716

Correo: [cim@santacomba.es](mailto:cim@santacomba.es)



Santa Comba  
CTRO. INFORMACIÓN  
ÁS MULLERES

O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES é un servizo de ámbito local, promovido e sostido conxuntamente polo Concello e a Secretaría Xeral de Igualdade, totalmente gratuíto, que ofrece atención ás necesidades de todas as mulleres, de xeito anónimo e confidencial.



## ¿QUE PRETENDE?

- Buscar que a igualdade de oportunidades sexa unha realidade
- Activar a participación das mulleres en tódolos aspectos da vida.
- Fomentar o asociacionismo e colaborar no funcionamento das asociacións.

## QUE SERVICIOS OFRECE?

- Información e asesoramento.
- Cursos, conferencias, xornadas, obradoiros...
- Creación e apoio ás asociacións de mulleres
- Recursos e servizos sociais

## ATENCIÓN PSICOLÓGICA

- Problemas familiares, conflitos de parella, abandono do fogar, etc.
- Mulleres vítimas de malos tratos.
- Neuroses (depresión, ansiedade,...)
- Intervencións psicolóxicas en agresións sexuais, acoso,...
- Adiccións e trastornos alimentarios (alcoholismo, anorexia, bulimia, etc.)

## ASESORAMIENTO XURÍDICO

- Trámites xustiza gratuíta
- Dereito de Familia: separacións, divorcio, unións de feito.
- Dereito Civil: sucesións, doazóns,...
- Dereito Penal: agresións, ameazas, malos tratos, orde de protección.
- Dereito Laboral: maternidade e paternidade, incapacidades laborais.



*\* Información recollida da WEB municipal*

## ¿QUE ACTIVIDADES DESENVOLVE?

De formación: cursos (inglés, informática, manalidades, etc.), obradoiros (autoestima, relaxación, educación en igualdade, eliminación da violencia, etc.), escolas de nais e pais,...

De lecer : viaxes culturais, teatro,...

Conmemorativas: 8 de marzo e 25 de novembro.

XESTIÓN da “Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero de Santa Comba”

## PROGRAMA REXENERA-T

Programa de intervención en persoas con deterioro cognitivo.

- Estimulación cognitiva (atención, memoria, razoamento, linguaxe, funcións executivas, orientación ...)
- Física (flexibilidade, marcha, tonificación, equilibrio ...)
- Social (actividades temáticas ...)

## PERSOAL TÉCNICO RESPONSABLE DO CIM

- o Unha psicóloga
- o Unha asesora xurídica

**Os CIM son unha das ferramentas máis poderosas para traballar a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e loitar contra a violencia de xénero** ao contar con persoal con dedicación e formación específica e axeitada.



## **F) RECURSOS : SERVICIO DE ATENCIÓN TEMPERÁ (S.A.T.)**

Centro de Cultura de Santa Comba (Avda. Alfonso Molina s/n),

Servizo municipal de carácter público e gratuito, que atende á poboación infantil de 0 a 6 anos, ás súas familias e á súa contorna e que ten por obxectivo dar resposta o máis axiña posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os/as nenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos, para que reciban todas as axudas necesarias para poder potenciar a súa capacidade de desenvolvemento e benestar

### **FUNCIÓNS:**

- Valoración funcional dos trastornos de desenvolvemento dos/as nenos/as.
- Apoio en todas as áreas de desenvolvemento do/a neno/a.
- Apoio, información, habilitación e formación da familia.
- Coordinación coa contorna.
- Seguimento de casos que non acoden a tratamento continuo

Conta con profesionais de **Terapia Ocupacional, Logopedia e Fisioterapia.**





## **G) RECURSOS : SEGURIDADE CIDADÁ**

- Policía Local de Santa Comba  
R/ Miraflores, s/n - 15840 - Santa Comba  
Tlfno. 618 843 148 - WhatsApp 629 321 456 –  
policialocal@santacomba.es
- Agrupación de Protección Civil de Santa Comba  
Mercado do Gando s/n, Santa Comba,  
Tlfno. 981 88 12 67
- Destacamento Garda Civil  
R/ Poeta Añón 4, 1584 Santa Comba  
Tlfno. 981 880 023
- Xunta Local de Seguridade do Concello de Santa Comba con labores de coordinación entre as forzas da orde así como vixiar pola súa correcta implementación, co obxectivo último de mellorar a seguridade cidadá.
- Xulgado De Paz  
Pza. Concello, s/n - 15840 - Santa Comba  
Tlfno.881 867 442

O Servizo de Protección Civil e a Policía Local de Santa Comba forman parte da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia (Resgal).



## H) RECURSOS: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Salientar a existencia de 13 campos de fútbol no concello dando cobertura a totalidade do termo municipal.

Nº	NOME E LUGAR
1	A PETEIRA-ALÓN
2	ARANTÓN
3	BAZAR
4	CARREIRO-STA.COMBA
5	ESPASANDÍN-CICERE
6	ESTEVEZ-CASTRIZ
7	FONTENLA-STA. COMBA
8	PADREIRO
9	PEREIRA DE VILAMAIOR
10	PICOTOS
11	SAN SALVADOR
12	SANTA SABIÑA
13	SER

- 4 instalacións deportivas cubertas

Nº	Nome e Lugar
1	Pavillón Municipal de Deportes
2	Pavillón do Colexio Pepe Xan Baña
3	Pista cuberta do Colexio Barrié
4	Pista cuberta do Inst. Terra Xallas

*\*Fonte concello Santa Comba*



- 13 pistas polideportivas

Nº	Nome e Lugar
1	Alón de Abaxio - Alón
2	Busto - Santa Sabiña
3	Caselas - Sta.Comba
4	Couto - Alón
5	Colexio Pepe X. Baña
6	Choupana - Fontecada
7	Freixeiro
8	Instituto Terra Do Xallas
9	Instituto Terra Do Xallas
10	Parque da Casa do Pozo
11	A Pereira
12	Truebe - Mallón
13	Vilamaior
14	Vilar De Celtigos

*\*Fonte concello Santa Comba*

- Outros: ximnasio municipal, 2 ximnasios en centros educativos, pistas de tenis, pista de pádel, unha piscina ao aire libre e outra cuberta e climatizada, circuío de calistenia do Fontenla

## I) RECURSOS: INSTALACIÓNS CULTURAI

- Centro Municipal de Cultura onde se ubica o **Servizo de Atención Temperá** que contén o Servizo de Atención Temperá, departamento de cultura, biblioteca, aula de informática, Radio Xallas, salón de actos, sala actividades, 2 salas de xuntas.
- Edificio Servizos múltiples con auditorio para 250 pers., sala de actividades, 2 salas de xuntas, servizos administrativos



## **J) RECURSOS: ASOCIACIONES E ENTIDADES**

No concello de Santa Comba contabilízanse un total de 36 asociacións rexistradas.

Nembargantes moitas delas non amosan actividade habitual nos últimos anos.

Destacan por número as asociacións deportivas, as asociacións veciñais e as ANPAS ...

De seguido incorporamos o listado completo de asociacións o través da web do concello de Santa Comba:



NOME	DOMICILIO
A.D. De Pesca Santa Comba-Xallas	Rosalía de Castro,32- Santa Comba
A.D. Veteranos Terra do Xallas	Barbeira – Fontecada
AA.VV. de Ser “San Pedro”	Casa Escola – Ser
AA.VV San Roque da Illa	A Illa – Freixeiro
AA.VV. Monte Castelo	O Carballal- Bazar
AA.VV. Virxe do Carme	Outeiro – San Cristovo de Mallón
AAW Comisión de festas Virxe do Carme de Bustelo	Mourelle,52. Montouto
AAW La Flor de Truebe	Truebe – San Cristovo de Mallón
AAW Mallón de Cícere	Mallón de Cícere
AAW O Casaliño	Cícere
AAW San Salvador	San Salvador de Padreiro
AAW Santa María de Alón	Alón de Abaixo – Alón
AAW Sta María de Montouto	Montouto
AAW Terra de Xallas	Rúa Herradura,3.Santa Comba
AAW. Santuario Pai Eliseo	Pereira – Vilamaior
ANPA Barrié de la Maza	CEIP Barrié de la Maza- Santa Comba
Asoc. Folclórica Nova Charanga	Rúa Ourense. Santa Comba
Asoc. Mulleres Rurais de Arantón	A Cova – Arantón



NOME	DOMICILIO
Asoc. Mulleres Santa Sabiña 2005	As Travesas - Santa Sabiña
Asoc. Os Amigos de San Cristovo	Outeiro - Mallón
Asoc. Velatorio San Cristovo	O Riveiro - San Cristovo de Mallón
Asoc.Hípico Recreativa Arrieiros	Alfonso Molina 29 bx. Santa Comba
Asociación cultural San Luís	A Pereira - Santa Comba
Asociación de Empresarios de Santa Comba	Rúa Pontevedra 9 entrechán- Sta Comba
Centro de Ecuestre do Xallas	Armán Lois 12-2 drta
Comisión de Festas de Castriz	Xallas - Castriz
Comisión de Festas de Sabaceda	Sabaceda - Bazar
Comisión de Festas San Xoán de Grixoa	San Xoán de Grixoa
Comisión de Festas Virxe da Saúde de Rubín	Mallón de Cícere
Comunidade Veciñal Os Fornos	Os Fornos - Santa Comba
Escudería Amigos do Motor	Rúa Pontevedra, 9, entrep esq. Sta Comba
Motor Clube Sempre a Máis Terra de Xallas	Rúa Suárez Vence 29 1bx.Santa Comba
S.D. Castriz	Frieiro - Castriz
Santa Comba C.F.	Bar Duca. Rosalia de Castro 4-6
Viaxes Amarelle F.S.F.	Alfonso Molina,6. Santa Comba
Xallas C.F.	Barbeira - Fontecada

\*Fonte concello Santa Comba



## K) ECONOMÍA

### Táboa 13 - Resumo económico

<b>Agricultura</b>	Dato	Período	Fonte
Número de explotacións de gando bovino	399	2021	IGE-CMR
Total bovinos	18.320	2021	IGE-CMR

*\*Elaboración IGE*

Santa Comba forma xunto co concello de Mazaricos unha das comarcas con maior desenvolvemento de explotacións gandeiras, sendo un dos concellos con mais cabezas de gando bovino de Galicia.

Rendemento medio do IRPF	11.864	2019	AEAT
--------------------------	--------	------	------

O rendemento medio do IRPF no concello de Santa Comba foi de 11.864 €

<b>Sistema de contas</b>	Dato	Período	Fonte
Renda dispoñible bruta por habitante	12.691	2019	IGE
Produto interior bruto por habitante	17.082	2018	IGE

### Táboa 14 - Comparación rendemento do IRPF

	Rendemento IRPF		Renda bruta/habitante		PIB / habitante	
	importe	%	importe	%	importe	%
Galicia	17960	100	15863	100	23031	100
A Coruña	19258	107%	16990	107%	25233	110%
Santa Comba	11864	62%	12691	75%	17082	68%

*\*Fonte IGE, elaboración propia*

Se tomamos como 100 o IRPF de Galicia, a provincia da Coruña con 19.258 € está claramente por riba. Pola contra, Santa Comba ten un IRPF claramente por debaixo, que supón o 62% do importe a nivel autonómico.



As diferenzas porcentuais fronte os datos provinciais e autonómicos redúcense só lixeiramente ao analizar as magnitudes de Renda media por habitante e Produto interior bruto por habitante, manténdose os indicadores de renda por habitante do concello claramente por debaixo dos autonómicos e os provinciais.

### Táboa 15 - Construción

Número de vivendas a crear de nova planta	2	2021	IGE-MF
Variación neta do parque de vivendas	3	2021	IGE-MF
Número de edificios a crear de nova planta	41	2021	IGE-MF

### Táboa 15 - Vehículos

Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte
Total	8.327	2020	DGT
Turismos	6.377	2020	DGT
Vehículos turismo matriculados	114	2021	DGT

O número de edificios a crear de nova planta e número de matriculacións de vehículos nos derradeiros ano non son extrapolables nin debemos de sacar conclusións. A pandemia xerada polo COVID-19 ten modificado todos os parámetros de actividade económica.






## Táboa 16 - Empresas por condición xurídica

Empresas por condición xurídica			
Total	1.303	2020	IGE
Persoas físicas	892	2020	IGE
Sociedades anónimas	2	2020	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	243	2020	IGE
Cooperativas	9	2020	IGE
Outras	157	2020	IGE

## Táboa 17 - Empresas por sector actividade

Empresas por actividade	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte
	533	86	175	509	2020	IGE



*\*Fonte IGE, elaboración propia*

O número de empresas relacionadas co sector primario, especialmente gandería, é moi elevado: 533 empresas que supoñen o 41% do total de empresas.



## Táboa 18 – Comparativa empresas por sector actividade

Columna1	Primario	%	Indust	%	Construc	%	Servizos	%	Total
Santa Comba	533	41%	86	7%	175	13%	509	39%	1303
A Coruña	15216	15%	5325	5%	12011	12%	67380	67%	99932
Galicia	40918	17%	14035	6%	29330	12%	161377	66%	245660

\*Fonte IGE, elaboración propia

Santa Comba ten unha estrutura económica moi diferente á autonómica ou a provincial nas que predominan as empresas do sector servizos, e a incidencia de empresas do sector primario é moito máis reducido.

## Táboa 19 – Empresas por condición xurídica

Empresas por condición xurídica			
Total	1.303	2020	IGE
Persoas físicas	892	2020	IGE
Sociedades anónimas	2	2020	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	243	2020	IGE
Cooperativas	9	2020	IGE
Outras	157	2020	IGE

A maioría de empresas son persoas físicas, seguidas de empresas de responsabilidade limitada. Esta estrutura é a máis habitual en Galicia. Destaca o número de Cooperativas, que aínda que reducido, porcentualmente ten mais presenza que na media provincial ou autonómica.

A cooperativa é un tipo de organización empresarial que se ten potenciado nos derradeiras décadas en especial no eido agrario e gandeiro.

**Táboa 20 – Empresas por estrato de asalariados**

	Dato	Período	Fonte
<b>Empresas por estrato de asalariados</b>			
De 0 a 2 asalariados	1.178	2020	IGE
De 3 a 5 asalariados	69	2020	IGE
De 6 a 9 asalariados	24	2020	IGE
De 10 a 19 asalariados	20	2020	IGE
De 20 a 49 asalariados	8	2020	IGE
De 50 a 99 asalariados	2	2020	IGE
De 100 a 249 asalariados	1	2020	IGE
De 250 ou máis asalariados	1	2020	IGE

A gran maioría de empresas teñen de 0 a 2 empregados, algo habitual en Galicia, e aínda mais pronunciado no concello.

### k) EMPREGO

**Táboa 21- Paro Rexistrado (media 2021)**

<b>Paro rexistrado (1)</b>	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
<b>Por idade</b>					
Total	491	170	321	2021	CT
menores de 25 anos	19	8	11	2021	CT
outras idades	472	162	310	2021	CT
<b>Por sectores de actividade</b>					
Agricultura	25	17	8	2021	CT
Industria	70	23	47	2021	CT
Construción	70	52	19	2021	CT
Servizos	291	67	224	2021	CT
Sen emprego anterior	36	12	24	2021	CT

(1) O Total pode non coincidir coa suma de Homes e Mulleres xa que os datos son as medias de varios meses



Táboa 22 -Paro rexistrado a outubro de 2022

Outubro 2022	Total Parados	Variación			
		Mensual		Anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
<b>Total</b>	<b>395</b>	<b>+4</b>	<b>1.02 %</b>	<b>-85</b>	<b>-17.71 %</b>
<b>HOMES</b>	<b>143</b>	<b>+5</b>	<b>3.62 %</b>	<b>-8</b>	<b>-5.30 %</b>
<b>MULLERES</b>	<b>252</b>	<b>-1</b>	<b>-0.40 %</b>	<b>-77</b>	<b>-23.40 %</b>
MENORES DE 25 ANOS:	15	+2	15.38 %	-3	-16.67 %
HOMES	6	-1	-14.29 %	-1	-14.29 %
MULLERES	9	+3	50.00 %	-2	-18.18 %
ENTRE 25 E 44 ANOS	138	+1	0.73 %	-51	-26.98 %
HOMES	45	+1706	4,160.98 %	-2	-4.26 %
MULLERES	93	-3	-3.13 %	-49	-34.51 %
MAIORES DE 45 ANOS	242	+1	0.41 %	-31	-11.36 %
HOMES	92	+2	2.22 %	-5	-5.15 %
MULLERES	150	-1	-0.66 %	-26	-14.77 %
SECTOR:					
AGRICULTURA	21	+1	5.00 %	0	0 %
INDUSTRIA	54	+1	1.89 %	-16	-22.86 %
CONSTRUCCIÓN	57	-1	-1.72 %	-10	-14.93 %
SERVIZOS	234	+1	0.43 %	-51	-17.89 %
SEN EMPLEO ANTERIOR	29	+2	7.41 %	-8	-21.62 %
<b>Total</b>	<b>395</b>	<b>+4</b>	<b>1.02 %</b>	<b>-85</b>	<b>-17.71 %</b>

\* Fonte SEPE, elaboración propia

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de outubro o número de parados subiu en 4 persoas no concello de Santa Comba. Aumentou en 5 homes e descendeu nunha muller.

O número total de parados é de 395, dos cales 143 son homes e 252 mulleres (109 mulleres máis que homes) . O 64 % das persoas paradas en Santa Comba son mulleres, e o 36% son homes.



A altísima porcentaxe de mulleres entre a poboación parada de Santa Comba, tamén se reflicte no redución de parados no último ano: o paro reduciuse en 63 persoas, 59 delas mulleres o que supón o 94%.

As persoas paradas menores de 25 ano, son o 60% mulleres e o 40 % homes (tan só 6 e 9 persoas de cada xénero).

**Entre as persoas paradas de 25 a 44 anos a porcentaxe de mulleres supón o 67 %.**

No grupo de idade de 45 e máis anos, a porcentaxe de mulleres baixa ao 62 %.

As persoas maiores de 45 anos con 242 parados son o grupo de idade mais afectado polo paro, seguido dos que se atopan entre 25 e 44 anos con 138 parados, o grupo menos numeroso son os menores de 25 anos con 15 parados.

Por sectores vemos que no sector servizos é onde maior número de parados existe no municipio con 234 persoas, seguido da construción con 61 parados, a industria con 57 parados, as persoas sen emprego anterior con 29 parados e por ultimo a agricultura con 21 parados.



**Táboa 23 – Evolución da taxa de paro 2006 - 2022**

Fecha	Taxa de Paro Rexistrado	Nº de parados rexistrados	Poboación
oct-22	<b>9,91%</b>	395	9.359
2021	11,24%	435	9.359
2020	13,92%	541	9.362
2019	11,62%	456	9.426
2018	12,09%	474	9.450
2017	13,78%	543	9.477
2016	16,09%	637	9.556
2015	18,37%	732	9.635
2014	19,97%	805	9.719
2013	21,72%	898	9.913
2012	21,95%	939	10.101
2011	20,39%	898	10.241
2010	18,97%	858	10.408
2009	18,93%	871	10.487
2008	18,81%	874	10.577
2007	17,38%	708	10.588
2006	16,34%	747	10.64

*Fonte SEPE, elaboración propia*

Actualmente o concello de Santa Comba presenta a taxa de paro máis baixa dos derradeiros anos.



A evolución do paro en Santa Comba nos derradeiros anos amosa unha tendencia similar a do conxunto da poboación galega (incluído o pico provocado pola crise do COVID 19),

**Datos Paro trimestre 2 de 2022:**

<u>TASA PARO ESPAÑA</u>		
12,48%;	Homes: 10,99 %,	Mulleres: 4,15%
<u>TASA PARO GALICIA :</u>		
11,2%;	Homes: 10,54 %,	Mulleres: 11,91%
<u>TASA PARO A CORUÑA:</u>		
10,92%;	Homes: 10,30 %,	Mulleres: 11,57%
<u>TASA PARO SANTA COMBA:</u>		
10,18 %		

Santa Comba amosa unha taxa de paro de 10,8% 1,02 puntos inferior á de Galicia e 2,30 puntos inferior á media estatal.



### Táboa 24- Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral , concello de residencia Santa Comba, sexo e grupos de idade, xuño de 2022

Idade	Homes	%	Mulleres	%	total
<25	117	65%	62	35%	179
25-29	152	54%	131	46%	283
30-34	181	55%	151	45%	332
35-39	245	56%	189	44%	434
40-44	276	55%	227	45%	503
45-49	308	55%	253	45%	561
50-54	203	46%	235	54%	438
55-59	201	51%	190	49%	391
>=60	195	53%	173	47%	368
Total	1878	54%	1611	46%	3489

\*Fonte IGE, elaboración propia

Obsérvase que con excepción do grupo de idade de 50 a 54 anos, os homes son maioría clara na filiación a seguridade social.


Por cada persoa maior de 64 anos no concello de Santa Comba ten 1,2 persoas dadas de alta na seguridade social (o coeficiente e de 1,4 nos homes, e 1,0 nas mulleres), ou expresado ao de outra forma, por cada persoa dada de alta na Seguridade Social en Santa Comba hai 0,83 persoas de 65 ou máis anos.

### Táboa 25 - Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral , concello de residencia Santa Comba por sector produtivo

Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	3.489	1.878	1.611	2022/Xuño	SS
<b>Afiliacións en alta laboral por sectores</b>			Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca			602	2022/Xuño	SS
Industria			513	2022/Xuño	SS
Construción			421	2022/Xuño	SS
Servizos			1.925	2022/Xuño	SS

Fonte INSS, elaboración propia





\*Fonte INSS, elaboración propia

O sector servizos aglutina o 56 % das altas a seguridade social.

O 41 % das empresas de Santa Comba, pertencen ao sector primario (táboa 17), pero xeran tan só o 17 % das altas á seguridade social.

Pola contra, as empresas do sector servizos no concello son o 39 % e xeran o 56% das altas á SS.

### Táboa 26 – Número de pensionistas

	Total	Homes	%	Mulleres	%
Galicia	671786	333242	49,6%	338544	50,4%
A Coruña	266817	132717	49,7%	134100	50,3%
Baña, A	1283	583	45,4%	700	54,6%
Carballo	7624	3848	50,5%	3776	49,5%
Coristanco	2069	998	48,2%	1071	51,8%
Mazaricos	1507	677	44,9%	830	55,1%
Santa Comba	<b>3039</b>	<b>1447</b>	<b>47,6%</b>	<b>1592</b>	<b>52,4%</b>

\*Fonte IGE elaboración propia

O concello de Santa Comba ten 3039 pensionistas, cos datos proporcionados polo IGE actualizados a data 30/10/2022 (*elaboración do IGE a partir dos ficheiros da Seguridade Social,*



os datos son relativos a pensións básicas en alta da Seguridade Social de residentes nas Comunidade Autónoma de Galicia. A suma dos datos por concellos ou comarcas pode non coincidir co total debido a que nalgúns casos non se coñece o concello de residencia. A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano).

Nas táboas 26 e 27 podemos observar os datos a nivel autonómico, da provincia, e de concellos limiares de Santa Comba.

O 52,4 % das pensións de Santa Comba son de mulleres (o porcentaxe de mulleres na poboación de 65 e máis anos e do 54,8 %), polo que pódese afirmar que a proporción de xénero é equilibrada.

Nos concellos da contorna máis rurais, é maior o porcentaxe de mulleres entre as persoas pensionistas, tal e como se observa na táboa, mentres que no total de Galicia, da provincia ou de Carballo como concello máis urbano da comarca, a porcentaxe e case do 50%.

**Táboa 27 – Número de pensionistas e importes medios**

	Total		Homes		Mulleres	
	Número	Importe medio	Número	Importe medio	Número	Importe medio
<b>Galicia</b>						
2021	671786	1011,09	333242	1155,62	338544	868,82
<b>A Coruña</b>						
2021	266817	1047,21	132717	1203,99	134100	892,05
<b>Baña, A</b>						
2021	1283	746,75	583	816,68	700	688,52
<b>Carballo</b>						
2021	7624	810,65	3848	913,79	3776	705,54
<b>Coristanco</b>						
2021	2069	762,75	998	835,64	1071	694,83
<b>Mazaricos</b>						
2021	1507	694,4	677	736,46	830	660,09
<b>Santa Comba</b>						
2021	3039	<b>680,94</b>	1447	<b>721,72</b>	1592	<b>643,89</b>

*\*Fonte IGE elaboración propia*

No total de Galicia, da provincia, e dos concellos limítrofes as mulleres pensionistas cobran menos que os homes.



No caso de Santa Comba, as mulleres cobran o 89 % respecto aos homes: 77,23 € menos de media.

En Galicia esa diferenza sitúase no 75 %, e na provincia no 74%, o que cobran as mulleres pensionistas fronte ao que cobran os homes.

A diferenza entre pensións de homes e mulleres é significativamente menor en Santa Comba.

### Táboa 28 – Pensións medias e % respecto a Galicia

	Pensión media	%
Galicia	1011,09	100%
A Coruña	1047,21	104%
Baña, A	746,75	74%
Carballo	810,65	80%
Coristanco	762,75	75%
Mazaricos	694,4	69%
Santa Comba	<b>680,94</b>	67%


*\*Fonte IGE elaboración propia*

Santa Comba ten as pensións medias máis baixas dos concellos limítrofes: 680,04 € de media, que supoñen o 67 % da pensión media en Galicia.



## Gráfica 28 – Pensiones medias

**Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Información a nivel municipal**



\*Fonte IGE

## Táboa 29 – Beneficiarios de pensións non contributivas

Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social			128	2021	CT
--	--	--	-----	------	----

\*Fonte IGE elaboración propia



## L) REPRESENTACIÓN POLÍTICA

### Táboa 29 –Censo electoral

Eleccións	Dato	Período	Fonte
Censo electoral	8.055	2020	CP

*Fonte IGE, período 2020*

O concello de Santa Comba, con un censo electoral de 8.055 persoas, ten unha corporación local formada por 13 representantes, coa seguinte distribución de xénero:

	TOTAL	MULLERES	HOMES
PP	6	3	3
PSdG - PSOE	4	3	2
CxG	1	-	1
NON ADSCRITOS	2	1	1
Total	13	6	7

Concelleiras: 6 de 7, o que supón o 46 % da corporación.

Concelleiros: 7 de 13, o que supón o 54 % da corporación.

Alcaldesa: Muller

A corporación ten unha estrutura de xénero equilibrada, sendo a figura mais importante da corporación unha muller, que ocupa o posto de alcaldesa.



## M) ENQUISAS


A nivel cuantitativo elaboráronse 3 modelos de enquisas diferentes dirixidos a:

- Centros educativos e ANPAS
- Persoal Político e técnico
- Asociacións

### CENTROS EDUCATIVOS E ANPAS:


Nos centros educativos cabe destacar a alta participación, **todo mulleres** as que responderon e nun intervalo de entre 36 e 45 anos, sendo a maioría do ANPA (70,6%).

Gráfica 29 - Idade das persoas que responderon






Gráfica 30 - Colectivo de pertenza



O 70,6 % das persoas que responderon, pertencían a ANPAS, o 17,6 % eran directivas de ANPAS, o 11,8 % formaban parte dos equipos directivos e docentes do centro.

**Pregunta:** “coñezo recursos e programas que permiten a conciliación” (sendo 1 totalmente en desacordo e 5 totalmente de acordo) o 47% están totalmente de acordo, e o 11,8 % moi de acordo. Ningunha resposta amosa total desacordo


Gráfica 30 - Coñece recursos e programas





**Pregunta:** “coñezo recursos e programas que permiten a conciliación” (sendo 1 totalmente en desacordo e 5 totalmente de acordo) o 47% están totalmente de acordo, e o 11,8 % moi de acordo. Ningunha resposta amosa total desacordo.

**Gráfica 31 - Coñecemento de Programas e recursos de conciliación**



A hora de saber onde acudir no caso de coñecer ou ser vítima de xénero, ou ter algunha cuestión relativa a violencia de xénero, vemos que non existe un gran coñecemento pero destaca o feito que o 94,1 % das persoas que contestaron si coñecen o CIM (Centro de Información as Mulleres)

**Pregunta:**

*Dos seguintes recursos en materia de igualdade, cales coñeces?*

*CIM (Centro de Información a muller) de Santa Comba*

*Si \_\_\_ Non \_\_\_*

*Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Santa Comba Si \_\_\_ Non \_\_\_*

*Protocolo educativo (Xunta de Galicia) para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*

*Si \_\_\_ Non \_\_\_*

*Guía de linguaxe non sexista:*


*Si \_\_\_ (indique cal, por favor ..... ) Non \_\_\_*

*Outro (sindicar cales): \_\_\_\_\_ ”*






Gráfica 32 - Coñecemento do CIM



O 94,1 % das persoas que contestaron SI coñecen o CIM (Centro de Información as Mulleres), pero a inmensa maioría non afirma coñecer os outros recursos polos que se pregunta.

**Pregunta** “ No meu parecer, estanse a desenvolver suficientes acción en relación a igualdade e/ou tendo en conta unha perspectiva de xénero no teu centro” ( Nunha gradación sendo “1: moi en desacordo” e “5” totalmente de acordo):

Gráfica 33 - Estanse a desenvolver suficientes acción en relación a igualdade




A maioría está satisfeita co traballo que se está a desenvolver, e o 23,4% indican consideran que non é suficiente o traballo que se está a desenvolver.



**Pregunta** “Considero que en xeral no Concello de Santa Comba desenvólvense suficientes accións na prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, incorporando a perspectiva de xénero ( Nunha gradación sendo “1: moi en desacordo” e “5: totalmente de acordo”):

**Gráfica 34 - Desenvólvense suficientes accións a prol da igualdade**



O 31,3% afirman estar de acordo, e o 18,8 % están en desacordo, optando o 50% pola opción intermedia.

## **PERSOAL POLÍTICO E TÉCNICO**

Convidouse a participar a todo o persoal técnico e político; o perfil máis frecuente foi o persoal técnico, muller e con cargas familiares.

Cabe destacar que máis da metade das respostas en preguntas relativas a presenza de mulleres e homes por igual, valoran de forma moi positiva o compromiso coa igualdade.

Tamén consideran como necesario e positivo a elaboración do novo Plan de Igualdade.



Algunhas das **preguntas** foron:

*"A igualdade se recoñece como principio básico no Concello de Santa Comba"*

*"O concello de Santa Comba ten unha auténtica sensibilidade e compromiso coa igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes?"*

*"Valórase a repercusión que as decisións políticas teñen nas mulleres homes do concello?"*


*"As decisións tómanse en espazos que garanten a presenza de todas as persoas implicadas, sexan homes ou mulleres?"*

Ante a pregunta sobre a percepción da necesidade de melloras no propio concello, cabe subliñar a necesidade de formación ao persoal técnico e político, como unha das demandas mais repetidas, e ofrecer mais facilidade cara a conciliación da vida persoal e laboral.

## ASOCIACIONES

O perfil das persoas que contestaron a enquisa foron mulleres con cargas familiares e con idades comprendidas entre os 36 e 45 anos, e todas pertencentes a directiva da asociación.

Gráfica 35 - Colectivo de pertenza



A metade das asociacións que contestaron eran deportivas, que son maioría tamén no colectivo de asociacións.




Pregunta: "Creo que a asociación a que pertenzo está sensibilizada e comprometida coa igualdade de trato e oportunidades a homes e mulleres" ( Nunha gradación sendo "1: moi en desacordo" e "5: totalmente de acordo"):

O 100 % das respostas consideran que o seu compromiso coa igualdade e prevención da violencia machista é total

Pregunta: "Conto con información suficiente sobre as medidas e recursos dispoñibles para favorecer a igualdade e a conciliación?" (Nunha gradación sendo "1: moi en desacordo" e "5: totalmente de acordo"):

Gráfica 36 - Conto con información suficiente



O 50% di contar con información suficiente sobre as medidas dispoñibles para favorecer a igualdade e a conciliación (madrugadores, ludoteca, etc.) e se tivese algunha dúbida ou necesidade sobre cuestións relativas á igualdade de xénero, o 50% sabería adonde acudir para informarme.

Respecto ao coñecemento do CIM o 50% di si coñecelo . O coñecemento doutros e inferior.



## N) CONCLUSIÓNS DO DIAGNÓSTICO

O concello de Santa Comba con **9.359 persoas (52% de mulleres)** é o mais poboado da contorna.

Ten unha poboación estable; dende 1900 (9.075 habitantes) foi gañando poboación ata acadar superar os 12.000 habitantes a mediados dos anos 50, manténdose nesas cifras aproximadas ata os anos 90, nos que se inicia un proceso continuo de paulatina perda de poboación ata as cifras actuais. Dende 1986, a poboación de Santa Comba ten diminuído un 22,7%.

O **saldo vexetativo de 2021 foi de – 90** (90 falecementos mais que nacementos); a perda de poboación vese paliada pola chegada de persoas de fora do concello (o 27, 4% da veciñanza non é nada de Santa Comba), especialmente doutros concellos da provincia, e tamén do estranxeiro (o 8,76%). **O 2,9 % da veciñanza e estranxeira** (o 3,3% no caso das mulleres), con orixe en Brasil e en Marrocos principalmente.

O saldo **migratorio é positivo dende 2019**, tanto para homes como para mulleres, rompendo a tendencia de anos anteriores.

No intervalo **2020 – 2021 a perda poboacional foi de menos 3 persoas.**

A pirámide poboacional amósanos unha estrutura **similar a de Galicia**, pero con unha **poboación algo mais envellecida** (a idade ade media da poboación de Santa Comba é de 50,44 anos, 2,7 anos máis que a idade media da poboación galega). O **Índice de envellecemento** de 235,9 e sinaladamente elevado.

A capital xalleira conta con **numerosos e axeitados recursos e equipamento públicos**: centro médico con matrona e pediatra, centros educativos de primaria e secundaria, Centro de formación e



emprego municipal, gardería municipal, edificios municipais de servizos públicos, pavillóns, equipamentos deportivos ...

Salientamos a existencia de 13 campos de fútbol, para un deporte maioritario pero moi masculinizado: a **maior oferta de equipamentos deportivos do concello está dirixida a homes.**

A oferta de Formación Profesional ten dúas "ramas" moi diferenciadas, que tradicionalmente se asocian a ocupacións moi masculinizadas unhas e moi feminizadas outras.

A actividade do **CIM constitúe como o núcleo fundamental** da actividade a prol da Igualdade no concello de Santa Comba, levando a cabo a maioría de actividades e políticas de igualdade e contra a violencia de xénero que se desenvolven no concello.

A súa existencia é moi coñecida, pero non tanto as súas funcións e a oferta de recursos. Sería necesario **dar máis visibilidade e difusión** aos servizos e recursos, especialmente contra a violencia de xénero, que ofrece a veciñanza e entidades.

No concello de Santa Comba contabilízanse un total de 36 asociacións rexistradas moitas delas moi masculinizadas (deportivas) e outras con maioría de mulleres (ANPAS, mulleres rurais, culturais) e con pouca actividade en conxunto, perdendo a oportunidade de ser un elemento dinamizador da sociedade e da igualdade.

Santa Comba forma xunto co concello de Mazaricos unha das comarcas con maior desenvolvemento de explotacións gandeiras. O alto número de explotacións / empresas do **sector primario**, especialmente gandeiras (399 explotacións bovinas), configuran unha estrutura económica con características propias:



Porcentaxe moi alto de **micro empresas** e autónomos; o 90,4 % das 1303 empresas do concello teñen de **0 a 2 empregados/as**. **892** das empresas son persoas físicas.

O 41 % das empresas pertencen ao sector primario (moi por encima do porcentaxe de Galicia ou da provincia) pero xeran tan solo o 17% das filiacións na seguridade social, e o 39 % ao sector servizos que aglutina o 56 % das altas a seguridade social.

Obsérvase que con excepción do grupo de idade de 50 a 54 anos, os homes son maioría clara na filiación a seguridade social: o 54 % homes e 46 % mulleres.

O rendemento medio do IRPF no concello de Santa Comba foi de 11.864 €, solo un 68% da cifra autonómica e moi por debaixo da media provincial

**PARO:** O **64 % das persoas paradas en Santa Comba son mulleres**, e o 36% son homes.

**Entre as persoas paradas de 25 a 44 anos a porcentaxe de mulleres supón o 67 %.**

O 59 % das persoas en paro en Santa Comba pertencen ao sector servizos, sector que conta con maior porcentaxe de mulleres.

**Santa Comba ten as pensións medias máis baixas dos concellos limitrofes:** 680,04€ que supoñen o 67 % da pensión media en Galicia.

O **52,4 % das pensións de Santa Comba son de mulleres**, e cobran o 89 % que os homes: 77,23 € menos de media.

No caso de Galicia esa diferenza sitúase no 75 %, e na provincia o 74%.

A representación política e equilibrada (seis mulleres e sete homes) e a alcaldía a ostenta unha muller.



## **4. PLAN DE IGUALDADE:**

A proposta inicial pasa por establecer cinco áreas estratéxicas tendo en conta en todo momento os recursos humanos e económicos dos que dispón o Concello de Santa Comba.

### **OBXECTIVO:**

O obxectivo xeral é contribuír á existencia dunha sociedade máis igualitaria no Concello de Santa Comba, integrando a perspectiva de xénero en toda a actividade municipal, promovendo a autonomía e participación socio-política das mulleres, e erradicar todas as formas de violencia machista na sociedade local.

Os obxectivos específicos desenvólvense para cada área:

### **AREAS:**

#### **1. Comunicación, Sensibilización de Educación en Igualdade**

##### **OBXECTIVO:**

Desenvolver a integración da perspectiva de xénero (en diante PX) na administración municipal, nos centros educativos e en todos os ámbitos, establecendo as condicións básicas.

##### **MEDIDAS:**

- Realización dunha campaña de difusión dos contidos do IV PIOM no primeiro trimestre de 2023
- Elaboración dunha guía de linguaxe inclusiva na administración e formación correspondente dirixido ao persoal técnico
- Obradoiros dirixidos as ANPAS sobre igualdade





- Fomentar exposicións onde as mulleres teñan unha presenza como comisarias, artistas e protagonistas
- Publicitar os recursos do CIM contra a violencia de xénero

#### INDICADORES:

- ❖ Documento de difusión
- ❖ Documento da guía elaborada
- ❖ Nº de obradoiros
- ❖ Nº de persoas participantes en cada un dos obradoiros, desagregado por sexo
- ❖ Nº de exposicións
- ❖ Fotografías das accións levadas a cabo

#### RECURSOS:

- Persoal do CIM
- Persoal técnico da área de cultura

## **2. Formación, Conciliación e emprego:**

#### OBXECTIVO:

Mellorar a empregabilidade das mulleres en Santa Comba a través das melloras en conciliación e a corresponsabilidade, a formación e a discriminación positiva.

#### MEDIDAS

- Cláusulas de discriminación positiva nos cursos de formación do Plan Municipal de Formación.
- Crear “Escola de nais e pais” en colaboración coas ANPAS e os centros educativos.



- Potenciar as actividades de conciliación: mañanceiros, convenios de actividades extraescolares, campamentos urbáns, actividades no período vacacional (nadal, entroido, semana santa, veráns) e o programa REXENERA-T
- Servizos de conciliación en eventos comerciais.
- Garantir que as empresas contratadas polo concello, e tamén as subcontratas, cumpran coas obrigas pertinentes para promover a igualdade entre mulleres e homes.
- Difusión e visibilización do emprendemento feminino.

#### INDICADORES:

- ❖ Documento das cláusulas
- ❖ Nº de actividades
- ❖ Nº de persoas participantes en cada unha delas, desagregado por sexo
- ❖ Fotografías das actividades levadas a cabo
- ❖ Documentación da difusión de cada unha das medidas

#### RECURSOS:

- Persoal do CIM
- Persoal área de emprego
- Persoal área educativa

### 3. Saúde e Benestar social

OBXECTIVO: Garantir e mellorar a saúde e benestar físico e emocional das mulleres do Concello de Santa Comba

#### MEDIDAS:

- Xerar espazos de confianza (grupos de autoaxuda) coas mulleres para compartir experiencias e inquiredanzas co fin de favorecer a



súa autonomía e capacidade de toma de decisións, tendo en conta a súa diversidade e realidades

- Manter ou ampliar as actividades sobre envellecemento en todas as parroquias
- Obradoiros sobre Menstruación e Menopausa
- Cursos de alfabetización dixital dirixido a persoas maiores

#### INDICADORES:

- ❖ N° de reunións
- ❖ N° de obradoiros
- ❖ N° de mulleres participantes

#### RECURSOS:

- Espazo municipal para as xuntanzas
- Persoal do CIM
- Persoal área servizos sociais

#### **4. Participación social, Cultura, deporte e lecer**

OBXECTIVO: Fomentar a participación política, social, cultural e deportiva das mulleres do Concello de Santa Comba como mecanismo favorecedor dunha sociedade máis xusta e igualitaria, tendo en conta a súa diversidade.

#### MEDIDAS:

- Promover a participación das mulleres no voluntariado de Protección Civil, sen segregación por actividades baseadas en estereotipos de xénero, mediante unha campaña de sensibilización, ao longo do período de vixencia.



- Visibilizar de forma fundamental durante o período de vixencia do PIOM o papel das mulleres na Cultura dentro da programación municipal mediante a elección de obras teatrais, musicais, etc., que poñan de manifesto o papel da muller na cultura e conmemoren datas relevantes.
- Recuperación e visibilidade do papel e do legado da muller no ámbito cultural de Santa Comba.
- Programar conta contos en igualdade, prevención de violencia de xénero, e diversidade nas bibliotecas municipais.
- Visibilidade das actividades con presenza do deporte feminino durante a vixencia do Plan mediante campañas de sensibilización e difusión.
- Fomentar a participación das mulleres nas actividades deportivas e na composición das directivas dos clubs e asociacións deportivas.
- Realización de acordos con entidades deportivas que inclúan a promoción de equipos femininos.

#### INDICADORES:

- ❖ N° de voluntarias
- ❖ N° de actividades realizadas
- ❖ N° de persoas participantes desagregadas por sexo
- ❖ No de equipos deportivos femininos e mixtos
- ❖ N° de acordos con entidades deportivas

#### RECURSOS:

- Persoal do CIM



## 5. Prevención e eliminación de Violencia de xénero

OBXECTIVO: Erradicar a violencia machista a través da sensibilización e mecanismos dirixidos a toda a poboación en todos os ámbitos

MEDIDAS:

- Engadir cláusulas de discriminación positiva nas ordenanzas municipais de actividades culturais e deportivas, dirixidas a vítimas de Violencia de Xénero
- Realización durante o ano 2023 dun protocolo interno en casos de acoso sexual ou violencia de xénero na Administración local
- Creación ou mantemento dun/dunha axente da Policía Local especializado/a en Violencia de Xénero en coordinación coa Garda Civil e o CIM
- Aumentar os medios materiais e humanos do CIM
- Creación dos Punto Violetas nos espazos de ocio xuvenil

INDICADORES:

- ❖ Cláusulas
- ❖ Documento de elaboración do protocolo
- ❖ Existencia dunha persoa da Policía local especializada en violencia machista
- ❖ Existencia dos puntos violetas

RECURSOS

- Persoal do CIM



O obxectivo xeral ao que o plan debe dar resposta e o de liderar, por parte da administración local, a iniciativa na promoción da igualdade de xénero no municipio para procurar unha mellora na calidade de vida da cidadanía, e das mulleres de Santa Comba en particular.

O Plan de Acción desenvolverase en **5 obxectivos operativos a través de 27 medidas**, que son propostas de intervención a nivel local dende os diferentes departamentos, e recollen unha serie de recomendacións específicas.

O deseño de procesos definirá como se levarán a cabo na práctica as actuacións previstas no IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Santa Comba.

Tamén se deseñará unha ferramenta de seguimento que posibilite avaliar e modificar as accións cando se considere axeitado, durante o desenvolvemento do PIOM, para mellorar a eficacia das accións.



## 5. Seguimento e avaliación

A Comisión de Seguimento Municipal será a encargada de realizar unha avaliación tanto intermedia como final do IV PIOM, a través dos mecanismos que se regulan no propio PIOM, ben a través da ficha de seguimento xeral (que inclúese como ANEXO), ben a través daqueles mecanismos que se creen ad hoc para cada unha das medidas comprometidas:

### **REUNIÓN INICIAL DE POSTA EN MARCHA**

Nun prazo máximo dun mes, procederase a convocatoria da comisión técnica do PIOM, baixo a coordinación do CIM, para propoñer a comisión de seguimento, e as a adaptacións que se consideren necesarias,

Data: decembro 2022

### **REUNIÓN 1 DE DIFUSIÓN, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN**

Seguindo as indicacións de coordinación do CIM, o equipo redactor do PIOM procederá a convocar ao comisión de seguimento e as/os principais axentes sociais, culturais, económicos, deportivos... para dar a coñecer o IV PIOM do Concello de Santa Comba e recoller propostas de actuacións e melloras.

Data: febreiro 2023



## **REUNIÓN 2, 1ª VALORACIÓN, PERCEPCIÓNS E AXUSTES**

Seguindo as indicacións de coordinación do CIM, o equipo redactor do PIOM procederá a convocar a comisión de seguimento e as/os principais axentes sociais, culturais, económicos, deportivos... a fin de valorar o desenvolvemento inicial do PIOM e recoller as impresións e suxerencias do tecido social de Santa Comba, axustando os obxectivos, medidas a desenvolver e medios para levalas a cabo de considerarse necesario.

Data: maio 2023

A partir de maio 2023 propónse unha reunión anual da comisión de seguimento, cunha reunión intermedia cada 6 meses do persoal técnico designado polo CIM, para comprobar a boa marcha do PIOM, detectar resistencias, posibles melloras e elabora suxerinchas á comisión de seguimentos anual do PIOM.





## FICHA DE SEGUIMIENTO

DATA				
NOME DA ACTIVIDADE				
ÁREA				
OBXECTIVO				
POBOACIÓN BENEFICIARIA	MULLERES	HOMES	TOTAL	IDADE
DESCRICIÓN				
ENTIDADES IMPLICADAS				
VALORACION				



## 6. VIXENCIA DO IV PIOM DO CONCELLO DE SANTA COMBA

O Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes do Concello de Santa Comba **terá unha vixencia de 4 anos**, dende decembro de 2022 ata decembro de 2026.

